



**T.S.X.GALICIA CON/AD SEC.4  
A CORUÑA**

SENTENCIA: 00236/2022

-Equipo/usuario: IL

Modelo: N11600

PLAZA GALICIA S/N

Correo electrónico:

N.I.G:

Procedimiento: PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0015075 /2020 /

Sobre: ADMINISTRACION TRIBUTARIA Y FINANCIERA

De D./ña.

ABOGADO

PROCURADOR

Contra

ABOGADO

PROCURADOR

RELATORA:

**NO NOME DO REI**

A Sección 004 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pronunciou a

**SENTENZA**

Ilmos. Sres./Ilmas. Sra.

A Coruña, catro de abril de dous mil vinte e dous

No recurso contencioso-administrativo que, co número 15075/2020, está pendente de resolución ante esta Sala, interposto por representado pola procuradora D., unificada pola letrada



DNA [REDACTED], contra RESOLUCIÓN do 24/11/19 PROVIDENCIA DE PREMA DERIVADA IRPF 2017 EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO 54/4/19. É parte a Administración demandada o TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO REXIONAL DE GALICIA, representado polo AVOGADO DO ESTADO.

É relatora a Ilma. Sra. [REDACTED]

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Tras ser admitido a trámite este recurso contencioso-administrativo, practicáronse as dilixencias oportunas e, logo de recibido o expediente, déuselle traslado del á parte recorrente para deducir a oportuna demanda, o que se fixo por medio de escrito no cal, en síntese, tras expoñer os feitos e fundamentos de Dereito que se estimaron pertinentes, acabouse solicitando que se ditase sentenza que declarase non axustada a Dereito a resolución impugnada neste procedemento.

**SEGUNDO.-** Conferido traslado á parte demandada, solicitouse o desacollemento do recurso, de conformidade cos feitos e fundamentos de Dereito consignados na contestación da demanda.

**TERCEIRO.-** Ao non se abrir o período de probas e logo de declarado concluso o debate escrito, quedaron as actuacións sobre a mesa para resolver.

**CUARTO.-** Na tramitación do recurso observáronse as prescricións legais, sendo a súa contía 13,36 euros.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### **PRIMEIRO.- Obxecto do recurso contencioso-administrativo:**

Don [REDACTED] interpón recurso contencioso-administrativo contra a Resolución do Tribunal Económico-administrativo Rexional de Galicia do día 26 de novembro de 2019, pola que se acorda rexeitar a reclamación que lle deu lugar, confirmando a dilixencia de embargo de contas bancarias número [REDACTED] ditada pola Dependencia de Recadación da AEAT de Vigo para o cobro da débeda con clave de liquidación





practicada polo concepto IRPF declaración anual ordinaria 2017, por importe a embargar de 13,36 €.

A pretensión do recorrente consiste en que se declare non conforme a dereito a resolución impugnada do TEARG do 26 de novembro de 2019 e, en consecuencia, se teña por nula a notificación da providencia de constrinximento do día 21/07/2018 ou, subsidiariamente, sexa declarada nula a dilixencia de embargo do 02/10/2018, mandando á Axencia Tributaria practicar as notificacións en galego e ordenando retrotraer as actuacións ao momento anterior ao acto administrativo que sexa declarado nulo, coa devolución da cantidade embargada incrementada cos correspondentes xuros legais.

O motivo de nulidade que alega o recorrente é que a Administración obviou a escolla lingüística que exerceu implícita e explicitamente ao solicitar que o galego fose a lingua de relación coa Administración Tributaria mesmo antes de que esta iniciase o procedemento de constrinximento.

**SEGUNDO.- Sobre a proxección da escolla lingüística no procedemento de recadación:**

O artigo 15.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento común das administracións públicas (lingua dos procedementos), establece o seguinte:

*"1. A lingua dos procedementos tramitados pola Administración Xeral do Estado será o castelán. Non obstante o anterior, os interesados que se dirixan aos órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha comunidade autónoma poderán empregar tamén a lingua que sexa cooficial nela.*

*Neste caso, o procedemento tramitarase na lingua elixida polo interesado. Se concorren varios interesados no procedemento, e existise discrepancia en canto á lingua, o procedemento tramitarase en castelán, se ben os documentos ou testemuñas que requiran os interesados expediranse na lingua elixida por eles".*

Pola súa banda, no ámbito tributario, o artigo 34.1 da LXT recolle entre os dereitos e garantías dos obrigados tributarios o dereito a utilizar as linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto no ordenamento xurídico.



Neste caso o recorrente admite que con data 02/10/2018 a AEAT lle notificou a providencia de constrinximento traducida ao galego. Nela sinalábanse os prazos para realizar de forma voluntaria o pagamento da débeda. E eran os mesmos que os sinalados na providencia de constrinximento do 21/07/2018 que a AEAT emitiu en castelán, e que lle foi notificada o 02/08/2018.

Agora ben, o recorrente considera que a notificación da providencia de constrinximento notificada o 02/08/2018 debe terse por non feita, ao non serlle notificada en lingua galega malia o solicitado con anterioridade. Que entón, concorre o motivo de oposición á dilixencia de embargo do artigo 170.3 b) da LXT: falta de notificación da providencia de constrinximento.

Do actuado no expediente administrativo despréndense varios datos de importancia para chegar á solución que esta Sala considera acomodada a dereito.

Na providencia de constrinximento en versión castelán, notificada o 02/08/2018, sinalábase que o día 2 de xullo de 2018 remataba o prazo para o pagamento da débeda en período voluntario (autoliquidación IRPF exercicio 2017) sen que fora satisfeita. Na mesma providencia acordábase liquidar a recarga de constrinximento, requiríndolle ao obrigado tributario o pagamento do importe para ingresar que debería realizar nos seguintes prazos:

*"-Se recibiu este documento na primeira quincena do mes, o prazo de pago remata o día 20 do mesmo mes.*

*-Se recibiu este documento entre o 16 e o último día do mes, o prazo de pago remata o día 5 do mes seguinte.*

*Se o último día de pago fose sábado, domingo ou festivo, estenderase o prazo de pago ao día hábil inmediato posterior.*

*Se non realizase o pagamento dentro destes prazos procederase ao embargo dos seus bens ou á execución, se é o caso, das garantías achegadas".*

A providencia de constrinximento, en versión castelán, foi notificada ao obrigado tributario o 02/08/2018, co cal o prazo para ingresar a débeda en período voluntario remataba o día 20 dese mes.

Cinco días despois, o 7/08/2018, o obrigado tributario presentou escrito ante a Dependencia Rexional de Recadación solicitando que se lle remitise coa maior brevidade posible a





notificación desta providencia en lingua galega, o que non tivo lugar ata case dous meses despois, o día 02/10/2018, cando xa rematara o prazo para ingresar a débeda no período voluntario.

Convimos co avogado do Estado en que a escolla lingüística dos administrados residentes nunha comunidade autónoma con lingua cooficial debe exercerse con ocasión de cada procedemento, e que se se trata dun procedemento iniciado de oficio pola Administración, o acto de iniciación poderá ser ditado e notificado en castelán, sendo o destinatario o que pode solicitar que o procedemento se tramite na lingua cooficial.

Agora ben, o avogado do Estado reconece asemade que neste caso o obrigado tributario con ocasión do pagamento da liquidación comunicou á AEAT a escolla do idioma galego na súa relación con esta Administración ao abeiro do artigo 34.1.d) da Lei 58/2003 e do artigo 15.1 da Lei 39/2015, o que unido á presentación da autoliquidación no idioma galego e ao seu domicilio en Galicia, esixía pola Administración unha actitude garante daquel dereito e, polo tanto, a notificación das sucesivas actuacións no idioma escollido polo obrigado tributario, o galego. E non só non o fixo coa providencia de constrinximento notificada o 02/08/2018, senón que tampouco o fixo coa dilixencia de embargo notificada en castelán pese a que a Dependencia de Recadación xa recibira o escrito no cal o interesado solicitaba as notificacións en galego.

A alegación feita pola Administración de que a notificación da providencia de constrinximento en lingua castelá é correcta por se tratar do acto que inicia o procedemento de prema non é válida para eludir a proxección da escolla lingüística e os efectos que debe producir no procedemento de recadación, como é a suspensión do prazo do pagamento da débeda tributaria mentres non se notifican as actuacións no idioma galego.

A recadación tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas conducentes ao cobro das débedas tributarias, e neste caso foi dunha débeda que derivaba dunha autoliquidación coa que o procedemento de recadación non se pode desconectar, do mesmo xeito que non se pode desconectar dun procedemento de xestión ou de inspección tributaria nos cales a débeda tributaria derive da liquidación que lle poña fin. E dicimos que non se pode desconectar deses procedementos previos para os efectos de garantir os dereitos que expresamente o interesado, como neste caso, quixo facer valer



ante a Administración tributaria, como foi a escolla lingüística.

Antes de avanzar á fase de recadación, á AEAT constáballe a vontade inequívoca do obrigado tributario de relacionarse con ela en galego, e xa que logo, a Administración non pode ampararse nunha división do procedemento para impedir a eficacia do dereito exercitado polo obrigado tributario. É a Administración a que ten que artellar os mecanismos de coordinación dos diferentes órganos administrativos encargados, por unha banda da xestión de tributos e, pola outra, da recadación da débeda tributaria, que permitan facer efectivo o dereito de escolla lingüística, sen que o obrigado tributario teña que reiteralo a medida que se avance dun procedemento a outro.

Unha vez que o obrigado tributario expresa de forma inequívoca a escolla lingüística, aínda que sexa nun momento que pode pertencer ao procedemento de xestión, a súa proxección no procedemento de recadación tradúcese na suspensión do prazo do pagamento da débeda tributaria mentres non se notifique a providencia de constrinximento no idioma escollido, sen que a Administración poida actuar como o fixo neste caso, isto é, notificar en galego a providencia de constrinximento o mesmo día que notifica a dilixencia de embargo do saldo existente nas contas bancarias.

Polo exposto, convimos co interesado no sentido de que a notificación en galego da dilixencia de constrinximento ao mesmo tempo que se lle notificou a dilixencia de embargo non é conforme a dereito ao non respectar os prazos que contiña, non validando a actuación posterior do órgano de recadación.

Xa que logo, o recurso vai ser acollido, ordenando retrotraer as actuacións ao momento anterior á notificación en galego da providencia de constrinximento, comezando a correr de novo -desde que a AEAT en execución desta sentenza así llo comunique ao obrigado tributario- os prazos para o pagamento da débeda en período voluntario, con devolución da cantidade embargada incrementada cos correspondentes xuros legais.

### **TERCEIRO.- Imposición das custas:**

Dispón o artigo 139.1 da LXCA, que, en primeira ou única instancia, o órgano xurisdiccional, ao ditar sentenza, imporá as custas á parte que viu rexeitadas todas as súas pretensións, salvo que aprecie e así o razoe que o caso presentaba serias dúbidas de feito ou de dereito. Para tal efecto, é de ter en conta o disposto no artigo 394.1 da LAC,





ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA

aplicable supletoriamente ao presente proceso por imperativo do disposto na disposición final primeira da lei reguladora, conforme a cal para apreciar, para os efectos de condena en custas, que o caso era xuridicamente dubidoso terase en conta a xurisprudencia recaída en casos similares.

As dúbidas xeradas na análise e solución da cuestión litixiosa impiden facer un pronunciamento en materia de custas.

**DECIDIMOS:** Que debemos **acoller e acollemos o recurso contencioso-administrativo** interposto por don [REDACTED] contra a Resolución do Tribunal Económico-administrativo Rexional de Galicia do día 26 de novembro de 2019, pola que se acorda rexeitar a reclamación que lle deu lugar, confirmando a dilixencia de embargo de contas bancarias número [REDACTED] ditada pola Dependencia de Recadación da AEAT de Vigo para o cobro da débeda con clave de liquidación [REDACTED] practicada polo concepto IRPF declaración anual ordinaria 2017, por importe a embargar de 13,36 €.

E, polo tanto, **anulamos os actos administrativos impugnados**, ordenando retrotraer as actuacións ao momento anterior á notificación en galego da providencia de conxestión, comezando a correr de novo –desde que a AEAT en execución desta sentenza así llo comunique ao obrigado tributario– os prazos para o pagamento de débeda en período voluntario, con devolución da cantidade embargada incrementada cos correspondentes xuros legais.

Sen imposición das custas.

Notifíqueselles esta sentenza ás partes, comunicándolles que contra ela pode interpoñerse recurso de casación ante a Sala Terceira do Tribunal Supremo. Este recurso haberá de prepararse ante a Sala de instancia no prazo de trinta días, contados desde o seguinte ao da notificación da resolución contra a que se recorre, en escrito no cal, dando cumprimento aos requisitos do artigo 89 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, se tome en consideración o disposto no punto III do Acordo da Sala de Goberno do Tribunal Supremo do 20 de abril de 2016, sobre extensión máxima e outras condicións extrínsecas dos escritos procesuais referidos ao recurso de casación (BOE do 6 de xullo de 2016).

Así o acordamos e asinamos.

